

ABRIL
2025



A “NOSA PASCUA”




**SÁBADO DÍA 19 ÁS 9´30
CHEGA A NOSA PASCUA
NO PAVILLÓN DE FORNELOS**

Unha vez máis, un ano máis, queremos, pola PASCUA facer a “NOSA PASCUA”. Volvemos reunirmos as dez parroquias para compartir a Pascua en Os Cotos. Cristo é para todos, e que menos, que todos unírmonos para celebralo. “Non queremos faltar”.

Tamén queremos facer partícipe desta Festa da Pascua a todas as persoas das nosas parroquias, que por saúde, idade, ou outras razóns, non van poder estar con nós na festa de Os Cotos. Queremos que a Pascua chegue ás súas casas, e a través do grupo de caritas, con avisarnos, comprometémonos a achegarnos e levarlle “a luz e a auga” pascual.

FAGAMOS CRIBLE A PASCUA



230 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

"Un contiño para vivir"**"Non deixes de mirar arriba, aos paxaros do ceo"**

Deixamos de asombrarnos, de manifestar emocións ante unha nova que escoitamos ou que vemos noutro lado do mundo, reaccionando case sen inmutarnos diante dunha comarca que se incendia en California, unhas cantas toneladas de plásticos nunha praia de Groenlandia, un vello volcán en erupción en Islandia, unha guerra nova ou un afastado campo de refuxiados.

Nada parece ser suficiente para reclamar a nosa atención e o que hoxe é unha noticia importante, a semana que vén borrárona da nosa contorna.

Non perdamos de vista o importante, o duradeiro, o que non falla, o que está sempre, o positivo, o que nos axuda ,..., a última vez que quedaches a charlar con alguén que non sexa por teléfono, cando chamaches ao amigo do que non téas noticias, cando te paraches a ver esa bonita casa con xanelas de madeira no medio dun prado con enormes árbores, cando escoitaches con tempo correr a auga no río que téas a cinco minutos ou deches un paseo reparador polo camiño á beira de casa e paraches a charlar un bo intre con ese veciño ao que hai tempo que non ves.


Toda unha terapia esquecida á que tantas veces dedicámoslle esa frase tan solemne de "teño que empezar un día destes" co recordo afastado de "Mafalda" gritando desesperada "paren o mundo que me quero baixar", co fe compartida de Xesús dicíndonos "non me busquedes entre os mortos, ESTOU VIVO E RESUCITADO". Non deixes de mirar arriba, aos paxaros do ceo

Atopa as oito diferenzas nestas dúas ceas

**O SANTO
PARA O MES,
en abril,
GLORIA**

É un nome de orixe latino que significa "creto, fama, persoa da que fiarse polos seus feitos".

Celébrase do día da Pascua (a noite do sábado para o domingo de Resurrección). Este ano será o día 19-20 de abril.

CONSELLO

Por que buscades entre os mortos
a quen está vivo?
Non está aquí: RESUCITOU.
Recordade o que vos dicía en Galilea
que cumpría que o entregasen,
que o crucificasen
e que resucitase ao terceiro día.
Evanxeo de Lucas 24, 5-8

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Persoas importantes na semana santa



Hai moitas persoas importantes durante esa semana. Vamos falar dalgunhas desas persoas.

XOSÉ DE ARIMATEA: É o propietario do sepulcro no cal é enterrado o corpo de Xesús. Era discípulo de Cristo en secreto por temor aos xudeus.

XUDAS ISCARIOTE: É un dos doce apóstolos de Xesús. O traizoa a cambio de 30 moedas de Prata. Despois arrepiéntese, intenta devolver o diñeiro pero xa é demasiado tarde.

SIMÓN DE CIRENE: é o home que axuda a Xesús a cargar coa cruz ata o Calvario.

PONCIO PILATO: é o gobernador romano que condena a Xesús a ser crucificado a pesar de non atopalo culpable. Toma a decisión cedendo aos desexos do pobo de soltar a Barrabas, un ladrón, e condenar a Xesús.

VERÓNICA: foi a muller que se atreveu a achegarse a Xesús durante o camiño infernal no que El ía caendo baixo o peso da cruz.

MARÍA: estivo ao pé da cruz, con Xoán e algunha amiga, doéndose coa vida do seu fillo.

MARÍA MAGDALENA E OUTRA MARÍA: foron as dúas atrevidas que se achegaron ao sepulcro, foron así as mulleres as en atoparse co Cristo Resucitado. María Magdalena foi a encargada de transmitir a noticia da Resurrección a Pedro e o resto.

DIMAS: é o "bo ladrón", é quen estivo máis cerca de Xesús no momento da súa morte. Dimas recoñece súa culpa e pídelles a Xesús que se acorde del cando chegue ao Ceo. Por iso se di que Dimas é o primeiro santo da historia.



O Papa Francisco: "PASCUA"

"A Pascua comeza cambiando os nosos esquemas. Chega co don dunha esperanza sorprendente. Pero ás veces, esta esperanza non atopa espazo no noso corazón. Levantemos a mirada, quitemos de nosos ollos o veo da amargura e a tristura, e abrámonos a esperanza de Deus".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE ABRIL

DÍA 6	LECTURA	Flp 3, 8-14	Esquezo o que quedou atrás e lánzome cara adiante
	EVANXEO	Xn 8, 1-11	Xesús dá a cara pola vida dunha muller
DÍA 13	LECTURA	Is 50, 4-7	Xesús confía: o Señor axudárame
	EVANXEO	Lc 22,14-23,56	A paixón de Xesús
DÍA 20	LECTURA	Feit 10, 34-43	A Cristo Xesús resucitouno Deus
	EVANXEO	Xn 20, 1-9	Entrou Xoán ao sepulcro, viu e creu
DÍA 27	LECTURA	Feit 5, 12-16	O número dos crentes medraba día a día
	EVANXEO	Xn 20, 19-3	A paz sexa con vós